

CATI E PACO

É de día. Cati e Paco saltan da cama. Tocou o despertador.

Cati e Paco póñense as camisas, os pantalóns e o calzado. Bótanse un pouco de colonia. Fai bó tempo.

Saen a camiñar polo campo. Atopan a Henrique que ten un pequeno caracol.

- Que fas con ese caracoliño? – pregunta Cati.
- Estou dándolle de comer un pouquiño de col e de cabaza – contesta Henrique.

Mentres, un mosquito pícalle a Paco no cóbado. Quique comeza a correr e Cati e Henrique rin. Paco non deixa de correr coma un tolo. Quítase a camisa para asustar ao mosquito. Por fin, marcha o mosquito!. E así, os tres amigos quedan tranquilos.

1. Sinala cunha X a resposta correcta :

-Cati e Paco póñense :

- ☐ Os xerseis, os pantalóns e o calzado.
- ☐ As camisas, os pantalóns e o calzado.
- ☐ As camisas, os pantalóns e as botas.

-Henrique dálle de comer ao caracol :

- ☐ Un pouco de col.
- ☐ Un pouco de cabaza.
- ☐ Un pouco de col e de cabaza.

-Que fan Cati e Henrique cando Paco comeza a correr:

- ☐ Asústanse
- ☐ Axúdanlle
- ☐ Rínsen

-Para asustar ao mosquito Paco quítase:

- ☐ A camiseta
- ☐ A camisa
- ☐ O xersei

2. Arrastra cada palabra ao nome do debuxo correspondente:



Esquí

Coco

Queixo

Cunca

3. Une as palabras co seu significado:

espertador

perfume que ule ben

colonia

insecto moi pequeno con dúas ás

mosquito

andar, ir de paseo

calzado

calmado, sen inquietude

camiñar

reloxo que se usa para
espertar

tranquilo

prenda para os pés

4. Une as palabras que signifiquen o contrario:

curto

deixar

quitar

nervioso

coller

rematar

tranquilo

longo

comezar

poñer